

Expte 32/2023

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AOS RESULTADOS PROVISIONAIS PARA A CONTRATACIÓN DUN OFICIAL DE TERCEIRA, AO ABEIRO DO PROGRAMA PEL CONCELLOS 2023.

O Tribunal Cualificador, na súa sesión celebrada o día 21/06/2023, revisa as alegacións presentadas en tempo e forma aos resultados provisionais para a contratación dun oficial de terceira, ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2023, e fai constar o seguinte:

A proba práctica foi realizada polos candidatos que asistirón á mesma e o seu chamamento fíxose por orde alfabético.

O asesor designado explicou o funcionamento da maquinaria a todos os candidatos, de xeito individualizado, atendendo a todas cantas dúbidas lles xurdiron e non empezando a proba ata que o candidato consideraba estar preparado.

Dado o ruído do tractor e a distancia á que se atopaban o resto dos candidatos durante a realización da proba, dificilmente se podía oír calquera comentario feito polo asesor ao candidato durante a realización da proba.

Ningún candidato manifestou, no momento da proba, a súa disconformidade coa orde establecida ou con que o resto de candidatos estivese presente na mesma.

Á vista das probas realizadas, este tribunal considera que o feito de observar un erro na proba dun dos candidatos non supón un beneficio para o resto no sentido de que poidan facer mellor a proba práctica.

Con todo o exposto, tanto o desenvolvemento como a realización da proba práctica axustouse ao estipulado nas bases da convocatoria e a actuación do Tribunal axustouse aos criterios de imparcialidade e profesionalidade garantindo en todo momento o cumprimento dos principios de igualdade, capacidade e mérito.

En base a todo isto, o Tribunal **acorda** por unanimidade:

Primeiro: **REXEITAR** a alegación núm. 1 presentada, con rexistro de entrada núm. [2023-E-RC-670](#) do día 16/06/2023 de Loureiro Picos José Andrés.

Segundo: rematado o proceso de selección para o posto de oficial de terceira ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2023, o Tribunal propón e da traslado da proposta de contratación e da lista de reserva á Presidenta da Corporación, precisándose que non poderá superarse o número de prazas vacantes convocadas. Os aspirantes propostos achegarán á Administración, dentro do prazo establecido de 2 días hábiles, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria. O apartado capacidade



funcional, deberá acreditarse mediante a presentación de certificación médica ou equivalente. Ademais achegará o certificado de delitos de natureza sexual. Os que, dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, polo que quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

Proposta de contratación por obter maior puntuación:

Oficial de terceira :

Candidato/a	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	Total
Rey Rodríguez, Óliver	1,00	5,95	6,95

Lista de reserva:

Candidato/a	Puntuación fase concurso	Puntuación fase oposición	Total
Loureiro Picos José Andrés	1,70	5,15	6,85
Teijido Bermúdez Raimundo	1,70	4,45	6,15

Terceiro: publicar o anuncio do acordo no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Moeche para o seu coñecemento xeral.

Cuarto: contra o presente acordo, os interesados poderán interpoñer recurso de Alzada ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación, como requisito previo ao exercicio de calquera acción prevista na lexislación contencioso-administrativa, conforme aos artigos 121.1 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Todo isto, sen prexuízo de que os interesados utilicen calquera outro recurso que estimen pertinente.

O que se fai público para xeral coñecemento.
Moeche, na data da sinatura dixital.
O secretario do tribunal.
Antonio García Méndez.

